## ANDEL DE NOVIDADES

M. BLANCO RIVAS

# Ela, maldita alma

**Manuel Rivas**

*Editorial Galaxia. 14,40 €*

Cales son as formas da alma e cales os lugares nos que habita? Este libro de contos quere desvelar esa incógnita. O sentido das cousas debúxase por riba do aparente e anódino, os xestos rematan por ser inesquecibles. En *Ela, maldita alma*, Manuel Rivas achega a súa ollada para descubrir o que a realidade oculta. Cunha escritura que reclama atención para o que pasa desapercibido, as historias e os personaxes reviven co mesmo fulgor das experiencias novas, Parafraseando a Walter Benjamin, "cada conto é a porta estreita por onde puidese aparecer unha alma".

